

# Letras, letriñas

Xornal escolar do Colexio de Educación Infantil e Primaria Sada e contornos. Curso 2003-04. Xuño 2004

Avda. Sada e contornos s/n. 15160 Sada. A Coruña. Tfno e fax. 981 620 337. Correo elect. [ceip.sada@edu.xunta.es](mailto:ceip.sada@edu.xunta.es)



# DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Xaquín Lorenzo Fernández "Xocas"

Xaquín Lorenzo Fernández, "Xocas", nace en Ourense o 23 de xuño de 1907. Seu pai, Lorenzo Álvarez, influíu dunha forma decisiva na súa formación intelectual e humana.

Realizou os seus estudos de bacharelato no Instituto Xeral e Técnico de Ourense onde coñece a Ramón Otero Pedrayo, quen foi profesor seu.

Cursou estudos de Filosofía e Letras nas universidades de Santiago e Zaragoza. Durante a súa estancia en Santiago entrega a Florentino López Cuevillas un traballo sobre o carro, quen o presenta ó Seminario de Estudos Galegos, entidade da que será membro activo.

Colabora na revista "Nós" establecendo amizade con Otero Pedrayo e Vicente Risco. En 1931 asinou xunto con Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e outros o manifesto do partido Nacionalista Republicano e máis tarde ingresou no Partido Galeguista.

Ós vintecinco anos, en 1932, é nomeado director do museo Etnográfico do seminario de Estudos Galegos.

Pasada a Guerra Civil retoma as súas investigacións etnográficas e arqueolóxicas en Ourense, participando en diversas iniciativas culturais.

Nos anos 40 traballa como guionista e narrador na elaboración dun documental "O carro e o home".

Nos anos 50 realiza traballos sobre elementos da tecnoloxía paleoindustrial como os mazos, os muíños de maré e continúa co estudio do carro.

Aparte da súa labor docente tamén participou e impulsou diversas entidades culturais: colaborador do Museo Arqueolóxico Provincial


de Ourense, presidente do grupo Marcelo Macías, participou na creación da asociación Cultural Auriense, promoveu e impulsou o padroado do Pedrón de Ouro e foi membro numerario da Real Academia Galega. En 1976 fundase o Padroado do Museo do Pobo Galego e en 1977 inaugúrase esta institución, que Xaquín Lourenzo presidirá ata o seu pasamento.


Na década dos anos oitenta concedéronlle diversos recoñecementos: fillo predilecto da provincia de Ourense, premio Otero Pedrayo, Medalla Castelao,...

O 21 de xullo de 1989 finou na súa casa en Lobeira (Ourense), deixando o seu legado intelectual ó Meso do Pobo Galego.

Destaca entre a súa obra "Etnografía e Cultura Material" que forma parte do traballo dirixido por Ramón Otero Pedrayo "Historia de Galicia" editado en Bos Aires (1962). Consta de catro apartados: A Terra, A Casa, Os Oficios e O Mar e os Ríos.


Foi etnógrafo, arqueólogo, historiador, profesor, debuxante, fotógrafo,... e percorreu os camiños, vales e castros de Galicia procurando atopar a auténtica alma popular galega.





# MAGOSTO

Oute, dia 4 de Novembro,  
fizemos o Magosto.  
As 11.30 fizemos colares,  
alguns eran grandes e  
outros pequenos, a miu  
caíremos, e o tiver que  
volver a facer.  
Ás 12.00 saímos o patio  
tomar castañas.  
As castañas estaban moi ricas  
e este ano non había ningunha  
pelo chan. Tamén eran moi  
fáceis de pelar, porque estaban  
brandinhas.



Mais tarde, despois de comer  
castañas, eu e Isaac f<sup>iz</sup>  
deixar os colares na clase, e  
Isaac dixo:

- Agora rompere o colar.  
E i BUM! rompem o colar  
recollen as castañas e as  
guardan no cestucho.

Julio (5º curso)

# SAMAÍN



## POEMA RECITADO

YO TENGO UN PERRITO,



LO LAVO Y LO PEINO,



LO LLEVO A LA PLAZA,



ME TRAE CALABAZA,



LO LLEVO AL MERCADO,



ME TRAE UN PESCADO,



LO MANDO AL COLEGIO



Y NO QUIERE IR,



A BASE DE PALOS,



TENDRÁ QUE ASISTIR.

## ADIVINANZA S.

SOY REDONDO  
Y AMARILLO.  
DOY CALOR  
Y SIEMPRE BRILLO.

.....



ESTÁ EN LA CARA,  
Y ES ROSITA,  
CON ELLA DECIMOS,  
LAS PALABRITAS.



EDUCACIÓN INFANTIL 3 AÑOS

 LEADER  
COPLA DOS MAIOS

ANDREA

EÍQUI ESTAMOS  
OS NENOS DE SADA.  
QUE XUNTO O NOSO MAIO  
QUEREMOSLLE DECIR:

 IAGOBO

CHEGA A PRIMAVERA,  
TODO CHEO DE FLORES,  
CORES E OLORES.  
¡QUE BONITO ESTÁ TODO!  
¡QUE LEDICIA DA!

NOS XA SABEMOS RECICLAR:  
AMARELO PARA PLÁSTICOS,  
AZUL PARA PAPEL,  
VERDE PARA ORGÁNICOS.  
COIDAMOS A NATUREZA,  
PARA QUE POIDA MEDRAR.

E.I. 4 anos

 DANNI

MA



ALEX



 SEC  
CARLOS



Laura



TIAFO



XURAO

EDUCACIÓN INFANTIL 4 AÑOS

# Programa "Plis, Plas"

O Castelo de Santa Cruz

Contado  
na Radio  
Galiza, o  
19 de abril.



Somos os nenos e nenas de Sada, temos catro anos, e algún xa cinco anos.

Imos contar a historia dun pequeno castelo, nunha pequena illa.



É un castelo con moitos anos. Foi feito para defende-la cidade da Coruña dos ataques navais, despois converteuse en pazo e agora é propiedade do Concello de Oleiros.

Estamos na praia de Santa Cruz (Oleiros). Vemos de frente a Torre de Hércules e a cidade da Coruña. É con marea baixa, pódese ir a pé ata a pequena illa do castelo. Pero hai unha ponte para ir ó castelo, andando.

O pequeno castelo está rodeado dun xardín, con árbores como: o teixo, o loureiro, a oliveira.



Arredor do castelo, preto da praia, hai pequenas barcas de mariñeiros.

A illa ten unha costa con pequenos acantilados, cheos de vida, hai: algas, mexillóns, ourizos de mar, estrelas, cangrexos e pequenos peixes. Tamén vemos gaivotas e corvos mariños.




O máis importante para nós, é que neste castelo defendese a educación ambiental. Estudiase o Medio Ambiente.

EDUCACIÓN INFANTIL 4 AÑOS

 REFRANS DOS NIÑAS DE 5 AÑOS   


Marzo ventoso e abril chuvioso fan  
a Maio fresco e fermoso. (SERGIO)



Marzo marzoñ pola maña  
cara de rosa e pola tarde cara  
de can. (laura)



En Abril sale o cuco do cubil



(REBECA)

A auga de Abril cada punga  
vale mil (MARTIN)



En Abril apaga o candil



(PABLO)

Em Maio co saio

(AILEN)

Auga de Maio pan pra todo o  
ano (JESÚS)



Polo san xoán as der con dia deon (ANDRÉA)

No xan xoán, tanto queixa  
como pan (JAGO)

A auga de xan xoán mollo trigo e  
tolle o pan. (ALEX. PICO)

En Agosto secan os montes e  
en setembro, as fontes

(ISMAEL)

Pasando os remedios de san  
Roque non hai seda nin merendete

(ALEX.V)

Non se pescan trutas coas  
bragas enxoitas (paola)

(PAOLA)

Amo xiadeiro, motivo, trigo e  
moito palleiro (JAIRO)

Iamos a ximnasia  
e nos apareceron moitas  
termítas por toda la  
clase e tivemos  
que botar insecticida  
durante sete días e  
cheiraba que apestaba.  
Moitos menos rascábansen  
O día 12 de Maio un  
carpinteiro tapou os  
bichos estaban dentro e  
sairán outra vez.

## !! Os térmitos !!


Galego:

**termite:** Denominación dunha serie de insectos parecidos ás formigas, moi voraces, e que viven en grandes comunidades.

Castelán

**termita:** Nombre común de diversos insectos, de color blanquecino y vida social organizada en castas, de gran voracidad, atacan la madera, el cuero, los libros, etc. También se llama termes o comején.

## !! Las termitas !!



### Cartas ós pais de 1º curso.

Esta é a historia do que sucedeu na escola, i na escola dos vosos fillos...!

Un dia de Maio, voltamos do recreo e atopamo-lo chan cheo de bichos que avanzan coma un exército pola clase adiante.

Axudándome do pé e dun insecticida consigo que deixen de sair.

O colexio toma as medidas oportunas e avisa ó Concello. Estivemos durante sete días botando insecticida cada vez que os térmitos querían dar unha volta pola nosa clase. O insecticida, por suposto, respirabamolo todos.

Debe de custar moito unha porta porque o Concello o que fixo foi tapar os buratos cun panel de madeira por diante e outro por detrás.

Os térmitos seguen ai dentro e sairán outra vez en calquera momento.

¿Quen ten que solucionar isto?

Repto o Concello de Sada.


Non se debe permitir tanta desidia.

A educación dos vosos fillos é un derecho pero todos temos que velar porque se cumpla ese derecho.


Non nos deixedes sós ante estas situacións porque son os vosos fillos.

Dende aquí dou as gracias ás representantes da Asociación de Pais e Nais por denuncia-la situación no xornal das Mariñas.

Mª Luisa Rico Lamas.  
Profesora de 1º de E.P.



A porta está rota  
As termitas estaban por toda la clase.





Quando fuimos a ginásia el 6 de maio aparecieu un termita.




Hai que cambia-la porta.




Voltabamos do recreo e quando íbamos a alministro a saíram pola porta termitos e furen pola clase andante e lixímos que botar instacada e oía mal mal e nos rascábamos moito.



O Seis de Maio apareciam mudei termitas e andaban por toda a clase



O seis de Maio  
apareceron unha  
mita e andalá por todo  
a clase.



Apareceron o día 6 de Maio,  
estivemos 7 días e recta  
mosas termítas insecticida  
e cheiraba moi e foron  
por toda a clase.



De repente saíron termítas da porta,  
insecticida cheiraba mal, fai que cambiá-la  
e nos rascábamos moito.



Aportouse e apareceron escamis.



A mina  
close.



O seis de Maio nunha  
clase de primeiro  
apareceron 100 termítas  
aínda que non as contou

Aparecerán o día 6 de Maio.  
Estivemos 7 días e rectamós  
ás termítas insecticida e  
cheirabas moi e foron  
por toda a clase.



## HOUSESEARCH

K	L	J	V	I	N	G	R	O	O	H	Z
I	P	R	S	T	A	O	W	B	X	Y	Z
T	B	E	D	T	A	B	L	E	C	H	A
C	D	E	S	P	C	H	R	D	K	G	C
H	T	D	I	N	I	N	F	R	O	O	M
E	H	H	W	O	I	J	K	R	L	T	U
N	P	Q	R	S	T	W	U	O	X	A	B
T	B	A	T	H	R	O	O	H	C	I	O
K	U	T	R	A	H	H	N	P	T	R	I

Kitchen  
Bathroom  
Bedroom  
Dining room  
Living room

## Matching with the weather



It's cloudy



It's snowy



It's rainy



It's sunny

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

## Write the name




--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--



--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--





## OS PAXAROS DO COLEXIO

### Paizoque

Ten o peito gordo e ten unha da larga,  
tamen unha cabeza pequena e un pico fino.  
E ovalado e ten unhas patas moi finas.

Ten o tamaño dun ovo

Ten a barriga gris claro e o lombo un marron  
verdoso e o peito laranxa.

Vemolos no patio pero vive dentro dos vermos  
e queda parado buscando insectos.

Tamen colle pan e comeo a escondidas.




### Paizoque

### O carbonero

E mais pequeno ca un ovo de galinha  
e coma un redondel. Mide uns 11 cm,  
co rabo ten gorra gris crema, polo  
lombo e mais escuro e na cabeza ten  
coma unha gorra negra.mui bonito.  
Vive entre os gallos dos arboles.  
Anda buscando bichos polo costinierro.





### O pardal

O seu corpo é un pouco gordo.  
É de forma redondeada.  
É do tamaño dun ovo de galinha.  
É de cor marrón pardo. Algunha teñen un baleiro negro.  
Busca pan no meu edificio.  
Vive cerca dos edificios e listo.  
Venén en grupo e comen no sítio.

### A rula

E delgado é moi misteriosa é así non se ve no meu edificio, escapa pronto.  
É redonda ovalada.  
É un pouco mais pequena cunha pomba.  
Da color crema.  
Vai buscando semillas para comer e pousa nos ábores.  
Vive nos aliguistres e pensamos que ten un nido.  
Vola moi rápido e passa nos arbores, e no suelo buscando semillas.



### O merlo

O merlo é bonito e listo,  
A sua forma é rechoncha e forte.  
O seu tamaño é maior que unha pomba.  
O seu cor é moi negro como o petróleo.  
Vive nos aliguistres colegio, co seu nido supónearos.  
Também anda sempre buscando bichos para comedos.

# NADAL 2003



A VIRXE ESTÁ PEITEÁNDOSSE  
ENTRE CORTINA E CORTINA.  
OS CABELOS SON DE OURO,  
O PEITE DE PRATA FINA.

PERO MIRA COMO BEBEN  
OS PEIXES NESTE RÍO,  
PERO MIRA COMO BEBEN  
POR VER A DEUS NACIDO.  
BEBEN E BEBEN E VOLVEN A BEBER  
OS PEIXES NESTE RÍO  
POR VER A DEUS NACER.

A VIRXE VAI CAMIÑANDO  
VAI CAMIÑANDO SOÍÑA,  
E NON LEVA MÁIS COMPAÑA  
QUE O NENO DA SÚA MANCIÑA.

PERO MIRA COMO BEBEN ...

A VIRXE LAVA CUEIROS  
E TÉNDEOS NO ROMERO;  
CANTANILLE OS PAXARIÑOS  
E A AUGA VAISE RINDO.



O dia 19 de Decembro o colexio de Sada e contornos fixemos un pequeno festi-val de Nadal na casa da cultura.

Comezou as once da mañá e rematou sobre as doce. Primeiro os nenos de pre-escolar cantaron unha canción da loteria de Nadal. mais tarde 1º e 2º cantaron unha canción, a continuación 3º cantou unha canción duindo o que lle traxera Papa Noel e por último 5º e 6º fixemos unha obra de teatro titulada "Manolino o irmán despistado de Papa Noel".

Os de 5º faciamos de persoas da historia e os de 6º tocaban instrumentos, cada instrumento representaba un personaxe. Algunas vinimos disfrazados de cara e outros disfazaronse no colexio.

O chegar o colexio fumos o patio e mais tarde volvi-mos para a clase a comer porque dixerannos que había que traer comida tradicional de Nadal estaba moi rica.

Mais tarde vineron os Reis Magos e deron-nos caramelos.

Lara (5º curso)



# VISITA Á FÁBRICA DE BONILLA E Á ESCOLA DE CAPACITACIÓN AGRARIA DE GUÍSAMO

O día 14 de maio fomos de excursión á fábrica de patacas Bonilla e a Guísamo, e todo empezou así:

Cando chegamos á escola tivemos Relixón. Despois de Relixón, Loli mandounos poñer as cazadoras. Saímos terceiro e cuarto. No autobús, Adrián e más Guille foron xogando á consola.

Cando chegamos á fábrica a min primeiro ulíame a patacas e logo a gasolina. Vouvos contar todo o proceso das patacas :

Primeiro, sácanse dos sacos de patacas; segundo, soben por unha costa e córtanse cunha coitela; terceiro, un mozo corta o que non cortou a coitela; cuarto, córtanse en anacos; quinto, sácaselles o amidón; sexto frítense todas nunha máquina; séptimo, unha moza saca as patacas que están pasadas; oitavo, métense as patacas na bolsa e ó final sepáransen as bolsas e lévanse ó almacén.

Despois de ver todo esto comemos patacas fritas e un zume .Detrás de nós había unhas cacatúas.

Cando subimos de volta ó autobús, eu e Xoán xogamos á consola ata chegar a Guísamo.

Alí vimos unha escola na que se aprenden a plantar plantas.

Fomos ó almacén a plantar unha leituga e



*Paula Dacosta*

fixémolo así:

- Botamos terra nuns cubiños.
- Sacamos a terra que lles sobraba.
- Puxemos unha semente en cada cubiño.
- Démoslle co dedo á semente un pouco para abaxo.

Cando rematamos todos, levámolas a un invernadoiro e deixámolas alí, enriba dunhas mesas. Había uns aspersorios para rega-las plantas.


Logo, fomos a outro invernadoiro no que ía moita calor. Dentro del había outro invernadoiro pequenijo. Miramos dentro e había unhas máquinas que botaban auga. Había toda clase de plantas.

Máis tarde, subimos a unha árbore. Eu cheguei ata a metade, pero Xoán, Abel e Paula chegaron moi arriba .

Xa por último, déronnos unhas leitugas e regresamos ó autobús.

Cando chegamos ó colexió era a hora da saída. Estabamos todos moi ledos. Foi unha mañá moi divertida.

*Daniel (3º curso)*



# CANTIGAS

## O MEU AMIGO

Fun busca-lo meu amigo  
 Para que viñera comigo  
 E collinlle unha flor  
 Con moi bo olor  
 El botouse a rir  
 E eu empecei sentir  
 Aquel chorar  
 Por tanto camiñar  
 Encontrei a curuxa  
 Da vella Maruxa  
 E deume un tesouro  
 De moedas de ouro

## O MEU MELLOR AMIGO

Este é o meu mellor amigo  
 O mellor cabaleiro  
 Cun pantalón pequeno  
 E un sombreiro baleiro  
 El meteuse nos toxos  
 Para salvar unha persoa  
 Todo saiu moi ben  
 E deronlle a noraboa

## A BRUXA MARUXA

Eu teño unha flor  
 chea de cor  
 eu teño unha bruxa  
 que se chama Maruxa  
 e tamén un tesouro  
 con moedas de ouro  
 e un amigo  
 que está sempre comigo



# ADIVIÑAS

Sé ven à festa  
 córtanlle os brazos  
 e cómeno en anacos

*oquod O*

O nariz no alto  
 se quere comer  
 o nariz de arrastro  
 se quere correr

*infelix V*

¿Cal é o animal  
 que anda pola selva  
 de xira musical?

*elatum O*

Con fariña de ouro  
 nin pota nin forno  
 fai doce pastel  
 unha vella, si  
 unha vella é

*A abella*

Come, come, comillón,  
 que pro San Martiño...  
 ¡PLON!

*cozco O*

## EDUCACIÓN PRIMARIA 4º CURSO



## O ENTROIDO

O día 20 de febreiro, fumos á Casa da Cultura co colexió para unha obra de teatro.

Chegamos ó colexió as nove, coma sempre e hasta as once non fumos á Casa da Cultura.

En todo ese tempo preparamos as mesas e puxémonos os disfraces.

Cando chegamos á Casa da Cultura sentámonos nas butacas.

Primeiro actuaron os parvulíños cantando: os de tres anos cantaron unha canción dos tres osos, os de catro de Pinocho e os de cinco de Polgaritxo.

Despois actuaron os de primeiro cantando unha canción dos 101 dálmatas.

Os de segundo fixeron unha obra de teatro de Alicia no País das Marabillas.

Os de terceiro cantaron e bailaron unha canción de Buscando a Nemo.

Logo os de cuarto actuaron facendo unha obra de teatro de Carapuchina vermella.

Mais tarde actuamos nos os de quinto facendo unha obra de teatro de Brancaneves e os sete ananos, pero a cambiámos toda e eu fuien de anano.

E finalmente actuaron os de sexto tamén facendo unha obra de teatro de Shin Chan. Cando chegamos ó colexio xantamos tala a comida que trouxemos e xogamos.

O sábado fuun o pabellón e disfrazámo-nos de Princesa Gótica, o domingo fuun a sociedade e disfrazámo-nos outra vez de Princesa Gótica e o luns e o martes tamén fuun a sociedade pero disfrazámo-nos de patinadora e de reina araña.

O mércores fuun as comparsas e paséame moi ben.

Xoana (5º curso)



# CERÁMICAS O CASTRO

O día 23 de outubro os cursos 3º, 4º, 5º e 6º a Cerámicas o Castro a facer figuras de cerámica. Ali' volve rapaza que xa conecionamos



re se chamaba Marta explicounos como tíramos que facer. Logo empezamos a facer as figuras: Eu fixe un apiceiro e unha cuixa, Lara fixo un apiceiro, Xoana un xeiteiro, Julio unha escultura e unha formiga con visera.

Izane uns animais...

Cando rematamos as figuras deixámosas nunha estantería e fomos a lavar-las maoas e a limpar as ferramentas.

Logo fomos para o autobús no que fomos cantando cancións ata chegar ó colexo.

Nerea (5º curso)

# O CONCERTO

Horce fomos a escutar un concerto a A Coruña. O concerto chamábase "Juliete en sonhos" e tratava dunha nena que bailaba cun rapaz. O rapaza facía de Juliete e o rapaz dos personaxes do sonho: un gato, un percoro, etc...


Alió unha narradora que iba conténdonos a historia que lle pasaba a Juliete.

Vinor moitos instrumentos musicais na orquestra: violin, bocal, clarinete, trompete, etc.

No concerto había moitos meninos doutros colexios da Coruña.

O concerto foi moi divertido pero un pouco cortiño.

Cando acabou bollínase para o autocar e fomos cantar de novo o colexio.



José Antonio (5º curso)

# THE FASHION OF 2004



→ Dress: 230 €



→ Sandals: 30 €



T-shirt: 10 €



→ Glasses: 12 €



→ Shirt: 25 €

→ jeans: 30 €



→ Jumper: 50 €



Tie: 15 €



→ Gloves: 20 €



→ Hat: 10 €

EDUCACIÓN PRIMARIA 6º CURSO

# EXCURSIÓN FIN DE PRIMARIA

El día 20 a las 8:45 salimos del colegio en un "minibus" con rumbo a Toques al aula de naturaleza.

Ese día tuvimos que llevar la comida". Al llegar nos enseñaron un poco en un vídeo como era Toques, sus costumbres, Naturaleza... etc

Más tarde, fuimos a hacer senderismo, vimos varios ríos y una iglesia.

Sobre las 2:00 llegamos y en el jardín (a la sombra) comimos. Por la tarde jugamos al brile', a la pilla y al escondite. Como hacía mucha calor la chica nos dijo que entablaran que dentro tenía juegos.

Por la tarde nos enseñó a utilizar la brújula. ~~parte~~ Por grupos de 2 y de 3 hicimos juegos de orientación, pero cuando estabamos jugando y empezó a llover, y tuvimos que entrar para dentro. Unos minutos después

viene el autobús a recogernos y llevárnos para el albergue (que tenía un aspecto siniestro), subimos a las habitaciones a dejar las cosas y bajamos a cenar.



Después de cenar fuimos al observatorio astronómico en (Vila de Cruces) pero no pudimos ver las estrellas. Al llegar al albergue vimos la película "Como Dios" y al acabar fuimos para la sauna y las niñas estuvimos hablando hasta las tres.

El día 21 sobre las 10:00 bajamos al desalumbramiento y sobre las 11:00 montamos en piragua y canoa (con monitor)

A las 2:00 comimos.  
Y por la tarde estuvimos jugando a las cattas y al escondite.  
Sobre las 4:30 visitamos "el Museo Viviente del Miel," es una auténtica exposición viva sobre el mundo apícola. No este-  
rior había muestras tanis de como evolucionan las colmenas en Galicia.



Y cuando estábamos en el museo apareció Isabel nuestra ptoge y nos tra-  
jo sanguitos y fratacas y  
Nino con nosotros a Melide a ver el "museo Etnográfico de Melide"  
y de paço que estab-  
mos allí compramos lo típico:

- Melindros y Amendrados

¡Fue una excursión inolvidable!

Texto: Noemí. Fotos: Elena (6º curso)




# DÍA DA PAZ


O dia 30 de Xaneiro celebramos o dia da paz. Por que agora mesmo hay 30 países nos que agora hai guerra.

No colegio, no campo de fútbol percemos coraa en forma de tres letras P, A, Z, tamén percemos enri la das coraa cun trozo de periódico na cabeza.

No clase, tamén percemos algo; percemos un mapa palomas da PAZ nos países que están en guerra.



Isaac (5º curso)



## ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS AS MARIÑAS

Como cada ano queremos desde estas páxinas despedirnos de todos vós recordando o que foi a traxectoria de esta Asociación ó longo do curso.

Dentro das actividades extraescolares, Judo sigue sendo unha actividade de gran éxito, aínda cando a substitución de Alejandro non foi fácil, creemos que a chegada de Axiña

con Jose Mariño como monitor foi un acerto e esperamos seguir contando con eles para o próximo curso.

Acudimos a varias exhibicións, como o Migueliño no Coliseo e os xogos da Amizade, facéndose tamén un

remate de actividade cunha demostración no pavillón de Sada, onde botamos en falta a participación de pais e alumnos, dado que dos 35 nenos soamente asistiron 8, o cal empobreceu bastante o evento, ademais de supor un esforzo pouco recompensado para os monitores.

En canto ó Inglés seguimos co mesmo centro e as mesmas profesoras, incorporándose este ano Esther, sendo la afluencia de nenos cada vez más alta, o que nos demostra que estamos respondendo positivamente ás vosas demandas.

Con respecto ó resto de actividades, a de Informática regresou á Academia Bit con Sergio á fronte, con quen deseñaron unha páxina Web sobre o coleixio [www.colegio.es.kz](http://www.colegio.es.kz) e do resto, seguimos con Calúa e Maca para os traballos más creativos e lúdicos, expoñendo este año por primeira vez na Casa da Cultura as súas creacións.



Como xa sabedes esperamos que a Delegación nos amane os baños este verán, e do Concello, aínda que habitualmente non responde adecuadamente ás nosas demandas, intentaremos que a porta de 1º sexa substituída por unha nova e que tanto a instalación eléctrica como a calefacción se renoven definitivamente. Do novo coleixio mellor non falamos (de momento).

Desde aquí queremos unha vez máis agradecer voso apoio e colaboración (a veces escasa pero sempre fructífera) e manifestar que seguiremos mantendo a nosa liña de traballo, tal como o vimos facendo ata

agora. Temos en mente continuar coas rutas de senderismo que xa iniciamos, e se o resuposto o permite, alguma actividade extra trimestral.

Un saúdo a todos e que teñades un MAGNÍFICO VERÁN.



*Begoña, Raquel, Mónica, Belén e Chema.*





Educación Infantil 3 años



Educación Infantil 4 años



Educación Infantil 5 años



Educación Primaria 1º curso



Educación Primaria 2º curso



Educación Primaria 3º curso



Educación Primaria 4º curso



Educación Primaria 5º curso



Educación Primaria 6º curso